

MOCIÓN DE POR CHANTADA-CUP A PROL DUNHA EDUCACIÓN PÚBLICA, GALEGA E DE CALIDADE PARA O RURAL GALEGO



Antom Fente Parada, voceiro do Grupo Municipal **Por Chantada-CUP**, presento ao abeiro do disposto nos artigos 94.1 e 94.2 do Regulamento Orgánico Municipal e 97.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais a seguinte **MOCIÓN** para a súa discusión e aprobación, se procede, relativa á *MOCIÓN DE POR CHANTADA-CUP A PROL DUNHA EDUCACIÓN PÚBLICA, GALEGA E DE CALIDADE PARA O RURAL GALEGO*.

A tal efecto, presento para a súa discusión, co alvo de suscitar a UNANIMIDADE da CORPORACIÓN que permita a súa aprobación, a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Máis unha vez os recortes e a escasa sensibilidade dos poderes públicos coa educación pública, factor esencial na loita contra sociedades cada vez máis inxustas e desiguais, que fagocitan e canibalizan o fermento das democracias *urbi et orbe*, conduciron a un comezo de curso, tamén na vila do Asma, onde se evidencian as consecuencias dun modelo educativo que desde a década de noventa foi, paulatinamente, virando para a mercantilización do coñecemento e do ensino e para o que a escusa da crise –teoricamente superada aínda que na práctica só para quen nunca a padeceu– serviu para acelerar a ofensiva e a degradación un servizo público esencial sen o que torna imposíbel manter sociedades democráticas, xa que todas as leis de educación subliñan a necesidade de educar a cidadáns críticos.

Precisamente a palabra educar procede do verbo latino DUCERE, conducir, ao que se lle engadiu o prefixo E-. Significa, por tanto, educar

“conducir para fóra”, ou sexa, formar ao individuo dependente, en tanto en canto aínda menor de idade e non suxeito pleno da cidadanía, integralmente para a súa futura vida na sociedade. Por outras palabras, trátase de cognositivamente crear suxeitos autodeterminados e soberanos, plenamente desenvolvidos.

No entanto, no noso rural isto cada vez é máis difícil para os profesionais do ensino que soportan crecentes cargas horarias e responsabilidades burocráticas na onda mercantilizadora do que mundialmente se ten estudado como *New Public Management*, doutrina asentada polo Banco Mundial e outras institucións da gobernanza distópica ultraliberal. Un novo xerencialismo que tamén é evidente xa na sanidade ou nas pensións e que transforma o *Welfare state* en *warfare state* cun omnímodo poder de clase que esmaga as poboacións traballadoras por toda a parte.

A clase tamén viaxa ás aulas. E a condición de cidadáns do rural crea crecentes discriminacións contra as que cómpre que a institución local se pronuncie dun xeito inequívoco. A presente moción contempla as preocupacións de mais, profesionais e discentes perante as eivas detectadas no comezo de curso no IES Val do Asma e no IES Lama das Quendas.

Comezado o curso, responsábeis dos liceos chantadeses informaron que por non acadar o número de alumnado suficiente –eis as ratios supostamente neutrais que equiparan realidades para nada análogas xerando discriminacións evidentes– non se van impartir materias. Por exemplo, no Lama das Quendas non se contará este curso 2018/2019 coa disciplina de Grego en primeiro de Bacharelato, Xeoloxía en 2º de Bacharelato e Economía e Latín en 4º da ESO.

Isto trae consigo que, ao non dispormos de Latín en 4º da ESO desapareza no futuro tamén en 1º de Bacharelato e, por tanto, que a rapazada de Chantada non poida optar por cursar a modalidade do Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, máis concretamente o itinerario de Humanidades.

Tamén a elección de Economía na ESO supuña un viero de futuro nas ensinanzas superiores nos ciclos de Formación Profesional que hai na comarca, polo que se está a eliminar materias que son básicas para estes ciclos. Unha

inexplicábel antítese que prexudica o ensino da comarca gravemente, xa atinxido por recortes de todo tipo.

De por parte, o alumnado que non vai cursar a materia de Grego en 1º de BAC xa non vai a ter opción de poder cursala en 2º de BAC, privando o alumnado de cursar materias que son obrigatorias en estudos superiores universitarios.

Porén, o máis absurdo da situación é que o mantemento de todas estas materias no suporía un incremento do custe para a Consellaría porque existe no IES profesorado definitivo con horas suficientes para impartir estas materias que se pretenden eliminar. O Leviatán cego adopta medidas que non se adaptan ás diferentes realidades en canto predica a existencia de flexibilidade e calidade educativa...

Nas zonas rurais precisamos un esforzo e unha aplicación flexíbel de certas normas se queremos que as rapazas e os rapaces teñan as mesmas oportunidades e posibilidades, xa que non iguais, semellantes aos que viven en ámbitos urbanos. Temos que manter no IES Lama das Quendas a posibilidade de cursar calquera modalidade de Bacharelato, agás o de Artes. Non podemos consentir que se reduza a oferta educativa en Chantada obrigando, aos e ás que poidan, a desprazarse as cidades próximas xa no Bacharelato.

Ao anterior cómpre engadir os problemas asociados á ausencia de servizo de cafetaría nos dous liceos do Concello. Trastornos que pagan as familias e o alumnado. Falta de oportunidades, expulsión a outros ámbitos territoriais da escasa mocidade que nos resta, xestión contraditoria e ausencia de modelos educativos centrados na comarca... vellas realidades cada vez máis agudizadas que formulan moitas sombras sobre o noso futuro colectivo e que precisan que nos pronunciemos como Corporación.

Polo exposto, demandamos a unanimidade dos presentes para adoptar o seguinte **ACORDO**:

1.- A Corporación do Concello de Chantada diríxese á Xefatura Territorial Provincial de Lugo da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para exixir que se manteñan todas as

materias que se eliminaron, aplicando de forma flexíbel e realista, dada as desiguais realidades sociais e territoriais do noso país, as epígrafes 4ª e 5ª do artigo 9 e aplicando o punto 6º do artigo 21 da Resolución do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, de educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma da Galiza canto ao número mínimo de alumnado matriculado nas materias troncais, coa finalidade de atender a diversidade no ámbito rural e pequenos núcleos de poboación e ofrecer a estes alumnos igualdade de oportunidades en canto á preparación especializada para alcanzar estudos superiores de ciclo ou universitarios acorde as súas perspectivas.

2.- A Corporación do Concello de Chantada insta á Consellaría de Educación a abrir un proceso de concesión de cafeterías extraordinario que permita dotar aos liceos de Chantada de servizo de cafetería, para o que cómpre, flexibilizar os criterios e onde se prime o uso de alimentos e produtos de proximidade.

3.- A Corporación do Concello de Chantada insta ao Parlamento galego a debater e aprobar medidas educativas que atendan ás diferentes realidades do país e discriminen positivamente ámbitos moi desfavorecidos, como é o interior da Galiza.

Asino dixitalmente a presente moción en calidade de voceiro municipal de **Por Chantada-CUP** en Chantada, 5 de novembro de 2011.